

## **XEOGRAFÍA**

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 1,5 puntos:** requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 1,5 puntos:** solicítase **unicamente** cita-los elementos. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** valorarase a organización e a exposición de contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos:** pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

### **OPCIÓN 1**

1.1. Defina brevemente: TÓMBOLO, AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL, DESERTIZACIÓN, ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO, SECTOR SECUNDARIO.

1.2. Na Figura A-1 aparece a trama das Comunidades Autónomas españolas. Cite vostede o nome e a capital das atravesadas pola liña, de forma ordenada de NW a SE.

1.3. Desenvolva a cuestión: **Caracteres rexionais da industria española.** Orientacións para o desenvolvemento: breve referencia dos caracteres do proceso de industrialización en España, as disparidades rexionais, os mecanismos e os medios correctores, causas e consecuencias espaciais, etc.

1.4. Comente vostede a Figura B-1. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), proceso polo que se produce o paso dunha a outra situación, diferenzas entre ambas as dúas pirámides, consecuencias da evolución da estrutura por idades, etc.

### **OPCIÓN 2**

2.1. Defina brevemente: BIOSFERA, PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, CLISERIE, MINIFUNDIO, IMPORTACIÓN.


2.2. Na Figura A-2 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das que aparecen sinaladas cun número.

2.3. Desenvolva a cuestión: **España, de país emigratorio a receptor de inmigrantes.** Orientacións para o desenvolvemento: causas e factores da emigración exterior española, consecuencias da emigración exterior, factores da inmigración recente, consecuencias demográficas e socioeconómicas, os problemas da integración, etc.

2.4. Comente vostede a Figura B-2. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), trazos xerais da distribución das precipitacións en España, causas e consecuencias dos contrastes, etc.


**XEOGRAFÍA**

**OPCIÓN 1**




**FIGURA A-1**

**Censo 1900**



**Censo 2001**




**FIGURA B-1**

**XEOGRAFÍA**

**OPCIÓN 2**



**FIGURA A-2**



Precipitacións medias anuais

**FIGURA B-2**

## **XEOGRAFÍA**

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 1,5 puntos**: requírese unha **breve** definición en termos xeográficos. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 1,5 puntos**: solicítase **unicamente** cita-los elementos. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos**: valorarase a organización e a exposición de contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3,5 puntos**: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

### **OPCIÓN 1**

1.1.- Defina brevemente: MARISMA, SECTOR TERCIARIO, ISOTERMA, FONDOS ESTRUTURAIIS, RÉXIME DE TENENCIA.

1.2.- Na Figura A-1 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das que aparecen sinaladas cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Os factores condicionantes da agricultura española**. Orientacións para o desenvolvemento: factores físicos e factores humanos, a diversidade rexional de factores, as consecuencias nas paisaxes agrarias e as producións, etc.

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), características dos feitos que representa, relación coas principais unidades de relevo e coas altitudes peninsulares, relación cos tipos de solo, coas paisaxes agrarias, etc.

### **OPCIÓN 2**

2.1.- Defina brevemente: ENDEMISMO, DELTA, SECTOR SECUNDARIO, CONURBACIÓN, RÉXIME PLUVIOMÉTRICO.

2.2.- Na Figura A-2 aparece un mapa coa poboación ocupada na agricultura por comunidades autónomas. Cite vostede **cinco** das que teñen entre o 20 e o 30% e as súas capitais.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Os factores dos climas peninsulares**. Orientacións para o desenvolvemento: definición de factor climático, factores dinámicos, factores xeográficos, consecuencias na variedade climática, etc.


2.4.- Comente vostede a Figura B-2. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), feitos que representa, localización temporal, causas e consecuencias espaciais do fenómeno representado, etc.

## XEOGRAFÍA

### OPCIÓN 1



FIGURA A-1



*Mapa de distribución das formacións silíceas, calizas e arxilosas na Península Ibérica e Baleares (baseado en Solé Sabarís et al., 1952).*

FIGURA B-1

**XEOGRAFÍA**

**OPCIÓN 2**





FIGURA A-2



Principais incentivos á industrialización: 1) Polo de Desenvolvemento; 2) Polígono de Desconexión de Madrid; 3) Zona de Preferente Localización Industrial; 4) Grande Área de Expansión Industrial; 5) Sociedade de Desenvolvemento Industrial (SODI); 6) Polígono de Preferente Localización Industrial; 7) Área de promoción foral.

FIGURA B-2



# Crterios de Avaliaci3n / Correcci3n

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### OPCI3N 1

1.1.- Esta primeira pregunta ter3 unha puntuaci3n m3xima de **1,5** puntos, de xeito que cada concepto definido correctamente obter3 **0,3** puntos. Requ3rese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeogr3fico, que cumpra o criterio fundamental de toda definici3n, 3 dicir, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientaci3n pres3ntanse as definici3ns de los conceptos propostos:

**T3MBOLO:** barra areosa que conecta unha illa coa costa ou d3as illas entre si.

**AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL:** actividade agr3cola practicada por persoas que te3en unha actividade principal noutro sector econ3mico e que significa un complemento aos seus ingresos.

**DESERTIZACI3N:** proceso de degradaci3n medioambiental, que significa a perda de vexetaci3n e de solo debido a circunstancias naturais ou 3 acci3n humana.

**3NDICE DE ENVELLECIMENTO:** 3ndice que expresa a relaci3n dos maiores de 60 ou de 65 anos co total dunha poboaci3n en tanto por cento.

**SECTOR SECUNDARIO:** sector da actividade econ3mica que incl3e a transformaci3n de materias primas: a industria, a producci3n de enerx3a, a construcci3n e a miner3a tecnificada.

1.2.- Esta segunda pregunta ter3 unha puntuaci3n m3xima de **1,5** puntos, a raz3n de **0,3** puntos por resposta correcta. Requ3rese a cita correcta e en orde dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada 3: 1, PRINCIPADO DE ASTURIAS (Oviedo); 2, CASTILLA-LE3N (Valladolid); 3, MADRID (Madrid); 4, CASTILLA-LA MANCHA (Toledo); y 5, MURCIA (Murcia. Se algu3n indica tam3n que o Parlamento est3 en Cartagena, e non acertou ningunha das outras, p3deselle engadir 0,15 puntos ao total).

1.3.- Esta terceira pregunta ter3 unha puntuaci3n m3xima de **3,5** puntos. Solic3tase que o alumno responda 3 cuesti3n proposta da forma m3s completa posible, 3 dicir, presentando a resposta base3ndose nos caracteres xeogr3ficos m3s relevantes do tema; valorarase a organizaci3n dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relaci3ns comparativas. Requ3rese boa redacci3n sen faltas de ortograf3a. A modo de orientaci3n, alg3ns dos aspectos clave deste tema son: breve referencias dos caracteres do proceso

de industrializaci3n en Espa3a, as disparidades rexionais, os mecanismos e os medios correctores dos desequilibrios, as causas e as consecuencias espaciais, as tendencias recentes na industria espa3ola etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta ter3 unha puntuaci3n m3xima de **3,5** puntos. Requ3rese a correcta interpretaci3n do documento, valorando tanto a s3a compresi3n (lectura) coma a s3a explicaci3n (an3lise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientadores p3dense citar os seguintes: tipolox3a da imaxe (pir3mide de idades e sexos, trazos da s3a construcci3n, informaci3n que ofrece), caracter3sticas de ambas as pir3mides, causas da evoluci3n da situaci3n pasada 3 actual, trazos destacables do perfil, evoluci3n da natalidade, mortalidade e crecemento vexetativo, trazos de rexuvenecemento recentes e as s3as causas etc.

### OPCI3N 2

2.1.- Esta primeira pregunta ter3 unha puntuaci3n m3xima de **1,5** puntos, de xeito que cada concepto definido correctamente obter3 **0,3** puntos. Requ3rese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeogr3fico, que cumpra o criterio fundamental de toda definici3n, 3 dicir, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientaci3n pres3ntanse as definici3ns de los conceptos propostos:

**BIOSFERA:** a esfera da vida, o 3mbito vivo do medio natural que incl3e a vexetaci3n, a fauna e os solos, e interacciona cos demais elementos do medio.

**PLAN XERAL DE ORDENACI3N MUNICIPAL:** instrumento de ordenaci3n do territorio dun municipio, mediante a planificaci3n do crecemento e a definici3n de sectores en funci3n do seu car3cter urbanizable, non urbanizable, protexido etc.

**CLISERIE:** gradaci3n dos tipos de vexetaci3n coa altitude nunha mont3a, que forma unha serie de unidades m3s ou menos ben definidas que se co3ecen como pisos de vexetaci3n.

**MINIFUNDIO:** dominio das explotaci3ns agr3colas de pequeno tama3o, que normalmente est3n sometidas a un aproveitamento intensivo.

**IMPORTACI3N:** adquisici3n de bens e produtos para un pa3s procedentes de f3ra das s3as fronteiras.

2.2.- Esta segunda pregunta ter3 unha puntuaci3n m3xima de **1,5** puntos, a raz3n de **0,3** puntos por

## Criterios de Avaliación / Corrección

resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. a resposta adecuada é: 1, HUESCA; 2, TARRAGONA; 3, ILLAS BALEARES; 4, TOLEDO; e 5, ALMERÍA.

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, presentando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación, algúns dos aspectos clave deste tema son: causas e factores da emigración exterior española, consecuencias da emigración exterior, factores da inmigración recente, consecuencias demográficas e

socioeconómicas, os problemas da integración etc. Valorarase a alusión aos novos aires que sopran en Europa cara á inmigración.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) coma a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientadores pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa temático de isohietas combinado con tons), características xerais da distribución das precipitacións en España, factores do reparto das precipitacións (dinámicos e xeográficos), as tres Iberias pluviométricas, consecuencias dos contrastes na definición de diversos ámbitos climáticos na Península etc.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **1,5** puntos, de xeito que cada concepto definido correctamente obterá **0,3** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientación preséntanse as definicións de los conceptos propostos:

**MARISMA:** terreo que normalmente está un pouco por debaixo do nivel do mar, que se inunda coas augas mariñas, coas dos ríos que desaugan alí, ou con ambas á vez, e que posúe unha vexetación anfibia.

**SECTOR TERCIARIO:** sector da actividade económica denominado tamén sector servizos, cuxa poboación non produce nin transforma bens de forma directa, senón que os xestiona e distribúe.

**ISOTERMA:** liña que une puntos de igual valor térmico, con referencia a temperaturas medias anuais, mensuais, diarias, máximas, mínimas etc.

**FONDOS ESTRUCTURAIS:** presupostos de apoio á P.A.C. para paliar problemas estruturais da agricultura en diversas rexións desfavorecidas.

**REXIME DE TENENCIA:** modalidade xurídica segundo a que actúa un empresario agrario nunha explotación agraria: en propiedade, en arrendamento, en parceria etc.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **1,5** puntos, a razón de **0,3** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta e en orde dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, GUIPUZKOA; 2, PALENCIA; 3, SALAMANCA; 4, ZARAGOZA; e 5, CÓRDOBA.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, presentando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación, algúns dos aspectos clave deste tema son: os factores físicos (aridez, pendentes, escaseza de chairas a baixa altura, temperaturas contrastadas etc.), factores humanos (inadecuadas estruturas agrarias, causas históricas do latifundio e minifundio etc.), diversidade rexional dos factores e distinta incidencia, diversidade de paisaxes agrarios pola diversidade de factores, intentos de resolver os problemas físicos e humanos ao longo do tempo etc. Valoraranse as achegas persoais que amplíen o tema, como, por exemplo, as referencias aos plans hidrolóxicos ou aos problemas da PAC.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá una puntuación máxima de **3,5** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión



## Criterios de Avaliación / Corrección

(lectura) coma a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientadores pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa temático, analítico e cualitativo), características dos feitos que representa, relación coas principais unidades de relevo e coas altitudes peninsulares, relación cos tipos de solo, coas paisaxes agrarias etc.

### OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **1,5** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,3** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto que se debe definir nesta. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

**ENDEMISMO:** carácter daqueles seres vivos que viven de forma espontánea e exclusiva nunhas áreas de condicións xeográficas particulares e non noutras.

**DELTA:** forma de acumulación de aluviós na desembocadura dun río, debido á perda de potencia deste ao diminuír a pendente e a velocidade no tramo final do seu percorrido.

**SECTOR SECUNDARIO:** sector da actividade económica no que se encadran os labores de transformación e a elaboración de produtos. Inclúe a industria e a construción.

**CONURBACIÓN:** dúas cidades próximas que co tempo se unen e forman unha aglomeración urbana, aínda que manteñen a súa independencia.

**RÉXIME PLUVIOMÉTRICO:** reparto das precipitacións ao longo dun período de tempo nun lugar.

2.2.- Esta segunda pregunta terá una puntuación máxima de **1,5** puntos, a razón de **0,3** puntos por resposta correcta. Requírese a cita correcta dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é citar cinco destas: PRINCIPADO DE ASTURIAS (Oviedo), CANTABRIA (Santander), ARAGÓN (Zaragoza), CASTILLA-LA MANCHA (Toledo), MURCIA (Murcia e Cartagena), ANDALUCÍA (Sevilla).

2.3.- Esta terceira pregunta terá una puntuación máxima de **3,5** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, presentando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación, algúns dos aspectos clave deste tema son: a posición (situación latitudinal e lonxitudinal, situación zonal), os factores atmosféricos (centros de acción, dinámica, alternancia estacional), os factores xeográficos (altitude, orientación, topografía), consecuencias na variedade climática española, heteroxeneidade de paisaxes etc.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3,5** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) coma a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientadores pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (mapa temático, analítico e cualitativo), tipo de información: mapa temático, analítico, cualitativo, con símbolos), significado dos feitos que representa no proceso de industrialización español, causas e consecuencias espaciais, evolución recente, etc.